



## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA**

### **Artigo 1.- Concepto**

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.1), ámbolos dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 de Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por “ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa”, especificado nas Tarifas contidas en artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

### **Artigo 2.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licenzas ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu, sen a oportuna autorización.

### **Artigo 3.- Contía**

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada polos aproveitamentos, expresada en m<sup>2</sup>.
2. As tarifas da taxa serán as seguintes:  
  
**2,794706 euros metro cadrado e mes**
3. Non se autorizará a colocación de mesas e cadeiras naquelas beirarrúas o ancho das cales sexa igual ou inferior a 2'50m lineais.
4. Se o número de m<sup>2</sup> do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.
5. Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesiñas, separadores, se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **Artigo 4.- Normas de xestión**

1. As cantidades esixibles de acordo coas Tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período de temporada ou anual autorizado.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar, previamente, a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 5.2. a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano ou esbozo detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.
3. Os servizos técnicos deste Concello poderán comprobar e investigar as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrárense diferenzas coas peticións de licenzas; se se desen diferenzas, notificaranse as mesmas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.
4. En caso de denegárense as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este concello a devolución do importe ingresado.
5. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se aboase o depósito previo a que se refire o artigo 5.2 a) seguinte e se obtivese a correspondente licenza polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenza, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargas que procedan.
6. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, en caso de falecemento.
7. A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
8. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

### **Artigo 5º.- Obrigación de pagamento**

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, nace:
  - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
  - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados nas Tarifas.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 2. O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 da citada Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, quedando elevado a definitivo o concederse a licenza correspondente.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais, nas oficinas da Recadación Municipal, desde o día 16 do mes de xaneiro ata o día 15 do mes de febreiro.

### **Disposición final**

A presente Ordenanza que consta de catro artigos, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorre o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.